

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE do 17 de novembro de 2015 pola que se publica a concesión dos premios de educación secundaria obrigatoria ao esforzo e á superación persoal correspondentes ao curso 2014/15, convocados pola Orde do 24 de xullo de 2015 (Diario Oficial de Galicia do 21 de agosto).

A Orde do 24 de xullo de 2015 (DOG do 21 de agosto) pola que se convocan os premios de educación secundaria obrigatoria ao esforzo e á superación persoal, correspondentes ao curso 2014/15, establece no seu artigo 12.2 que, o titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa elevará a proposta feita pola comisión ao conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que emitirá a correspondente orde de adjudicación para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* que recollerá a relación de códigos alfanuméricos dos premiados.

Unha vez publicada a relación provisional da proposta, dado cumprimento ao disposto no citado artigo 12.2, vista a acta coa proposta definitiva da comisión de selección de adjudicación dos premios e por proposta do director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa,

RESOLVO:

Primeiro. Conceder os premios de educación secundaria obrigatoria ao esforzo e á superación persoal, correspondentes ao curso 2014/15, ao alumnado que figura no anexo desta orde.

Segundo. Esta orde de adjudicación dos premios poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente mediante recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, segundo prevé o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2015

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



ANEXO
**Premios de educación secundaria obrigatoria
ao esforzo e á superación persoal correspondentes ao curso 2014/15**

Código persoal
ZS8C85FY
ZEMLX50B
LPNNWKQP
0S6LKEI2
K5ZYXHQ0
79EZQEXN
B3BNSXUO
YFYBCMI6
WTR0L6QJ
IJ698TSL
06XVQEGL
1KE6MGCC
99KL5YMR
7QK131HW
BEHMELLE
0F0ZFVI5
8IBBG76Q
33LVS1M5
TJWHYS3S
BWRKOPPJ

